

VISIBILIZANDO Á MINORÍA XITANA E SENSIBILIZANDO Á MAIORÍA

Club de cultura xitana

Xulia Regueiro

IES Urbano Lugrís da Coruña

Santiago de Compostela, XI Xornadas do Club de Lectura, Xuño 2018



Índice

- Contextualización
- Obxectivos
- Recursos empregados
- Actividades
- Avaliación e conclusión
- Bibliografía de interese





1. CONTEXTUALIZACIÓN

Contextualización

- *“Profe, eu non quero ser xitana”*

- Comezos CL
- Zaida, no Secretariado Xitano



2. OBXECTIVOS



Obxectivos



- **Visibilizar** a cultura xitana.
- **Dignificar** a palabra “xitana”.
- **Coñecer algo** da CULTURA XITANA: historia, xitanofobia, prexuizos, estereotipos, racismo, respecto, discriminación positiva, mensaxes dobre vehiculares ...
- **Entrar en contacto** coa cultura xitana de forma distendida, coñecer autoras/es e xéneros novos.

Obxectivos



- Cultivar a imaxinación e desenvolver un **espírito crítico**, a creatividade e o pensamento diverxente.
- Socializarse, **falar en público**, abrirse a outras culturas, **empatizar**, perfeccionar a expresión oral e escrita, ampliar vocabulario...
- Aprender a **discrepar argumentando** e a compartir as opinións, dúbidas e experiencias persoais de cada persoa lectora.
- **Facer do Club de lectura un lugar para encontrarse!!!** un lugar no que reunirse e compartir dúbidas, experiencias, medos, culturas ...



3. RECURSOS EMPREGADOS

Recursos empregados

- O primeiro foi comprar a **bandeira xitana**. xera actividades como: orixe da bandeira, significado, debuxamos bandeiras...
- A **decoración do espazos** con elementos culturais xitanos: póster, calendario, bandeira, libros, música...
- Creación na Biblioteca dun **fondo de libros**, revistas, prensa, música e cine relacionados co tema.



Recursos empregados

UN PUEBLO TRASHUMANTE: LOS GITANOS

SEVE CALLEJA y JOSE MARIA MUÑOZ



4. ACTIVIDADES



Exemplos


- Trátase de empezar xa con un *banco de actividades* de xeito que cada día a proposta de actividades sexa moi variada.
- As actividades tratan de responder ás inquiredanzas do alumnado participante e sempre sobre a cultura xitana.
- Cuestións coma:

**“Ah, pero hai xitanas en Canadá?
E en Chile? Pero hai un
idioma?...”**



Club de lectura 2016-17

- Actividades a carón dos símbolos da Cultura Xitana.
- Actividades en torno a lecturas e libros relacionadas coas **emocións que o tema lles xenera**.
- Lectura do primeiro conto xitano “**Balichó con pisto**”, *regalo que conservei décadas... e que serveu para arrancar!!!*
- Lecturas e libros relacionadas coa Cultura Xitana:
- Lectura en grupos de 4 ou 5 alumnas/os do libro **Unha estrela no vento** de Leticia Costas, sendo este o primeiro libro enteiro que leran algún dos alumnos varóns xitanos.
- En castelá lemos varios **contos xitanos** ao longo do curso, tanto na Aula de P.T. coma na Biblioteca (os martes pola tarde). Ao principio viñan entusiasmados para ler os contos e incluso levaron algún á casa. No 3º trimestre xa se cansaron...




Club de lectura 2016-17

- Lecturas breves e adaptadas ao nivel, sobre a historia do pobo xitano.
- **Celebración do 8 de abril** cunha exposición na entrada do instituto e a bandeira ondeando. Nesta data presentouse no Concello da Coruña a “maleta xitana” con toda a súa simboloxía e una das alumnas do centro recitou o himno xitano e fíxoselle entrega ao Alcalde da bandeira xitana.
- Ficha **sobre Persoas xitanas famosas no mundo.**
- Introducción ás **Palabras de orixe xitana** (dicionarios). (Diccionario de “palabrotas”, “diccionario masculino-singular-paio”), creamos o poema VARDÁ.
- Introducción á arte xitana en xeral e aproveitamos exposición de **Lita Cabellut no MAC.**



Club de lectura 2017-18

- **Aquí comezou o Club de Lectura Cultura Xitana.**
- *Quincenalmente, cada mércores, no recreo e na Biblioteca do centro.*
- Inicíose con pouco alumnado, xitan@s menos e logo só viña unha nena.
- Ao principio tamén veu algunha profesora.
- Arrancamós cun cuestionario sobre estereotipos e prexuízos que dou para varias sesións.
- **Lita Cabellut:** a muller xitana e pintora. (unha bendita casualidade!!!).
- Ficha: “preguntándonos aprendemos”, a partir da “pregunta de Samuel”...





Club de lectura 2017-18

- Dinámicas de grupo para traballar os distintos temas: prexuizos, rumores,
- Analizar chistes de xitanas/os.
- Facer microcomedias a partir dun chiste.
- Visionar imaxes racistas, comentalas e facer autopreguntas...
- Analizar imaxes, posters e noticias de prensa (NEVIPENS ROMANÍ)



Outras actividades

- CL Lita Cabellut
- Visita exposición Lita Cabellut
- Visionado cortometraxes de Secretariado Xitano
- Película “Lola, vende cá” en titoría.



5. AVALIACIÓN E CONCLUSIÓN



Avaliación

- A primeira, agradecerlle ás persoas do Club de Lectura de Cultura xitana tanto como aprendín e desaprendín delas! **Grazas!**
- **A avaliación xeral do Club de Lectura de Cultura Xitana é positiva.**
- Fallou a participación, houbo pouco alumnado. Necesita máis actividades de promoción!!!
- A palabra XITANA vese no centro e ten forza.
- Na Biblioteca hai material sobre o tema.
- O profesorado e o alumnado saben que existe o Club de Lectura e tamén a Cultura Xitana.



Avaliación

- Aprendín a axitanarme e algunhas a “*apayarse*”.
- É fundamental a implicación do profesorado.





6. BIBLIOGRAFÍA DE INTERESE





Bibliografía

- Calleja, S. e Muñoz, J.M. (1993): *Un pueblo trashumante: los gitanos*, Ed. Mensajero. Bilbao.
- Calvo Buezas, T. (1990): *¿España racista?: voces payas sobre los gitanos*, Barcelona: Anthropos
- Calvo Buezas, T. (1989): *Los racistas son los otros: gitanos, minorías y derechos humanos en los textos escolares*, Madrid: Editorial Popular
- García, A. Edic. (2011): *Cuentos populares de los gitanos españoles*. Siruela. Madrid.
- Gómez Alfaro, A. (1993): *La gran redada de gitanos: España, prisión general de gitanos en 1749*, Madrid: Ed. Presencia gitana.



Bibliografía

- Fraser, A. (2005): *Los gitanos*, Barcelona: ed. Ariel.
- López Castro, Miguel (2004): *Introducción al flamenco en el currículo escolar*. Univ. Internacional de Andalucía. Akal.
- Plantón García, J.A. (2003). *Los gitanos, su cultura y su lengua*. Diputación Provincial de Málaga.
- Ramírez-Heredia, Juan de Dios. *Primer manual de conversación en Romano-Caló*.
- Sabaté, O. Traduc. e recopilac. (2011): *Contos tradicionais xitanos. Os fillos do vento*. Edic. Positivas.
- Tong, Diane (1997): *Cuentos populares gitanos*. Siruela. Madrid.





“iSina querelao!”

(Feito está!)